



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



Avda. Monforte s/n 27500 • tfno: 982870236 • fax: 982870244 • email: ies.val.asma@edu.xunta.es
• <http://www.edu.xunta.gal/centros/iesvalasma> • IES Val do Asma Chantada

Prezadas familias:

Na mañá de hoxe, mércores 7 de outubro, comunicóusenos a **confirmación de un caso positivo en COVID-19 no ciclo de Electromecánica de vehículos.**

Ante esta situación, a dirección do centro estima que cómpre comunicar o seguinte:

-O alumnado deste ciclo formativo recibe clases, tanto teóricas como prácticas, no seu propio taller e non comparte espazos co resto da comunidade educativa.

- Dende o momento en que se nos comunicou a incidencia puxémonos en contacto cos responsables do Servizo de Epidemioloxía para facer o seguimento, que aínda se está a levar a cabo.

-Defínese como contacto estreito aquela persoa que estivera cun positivo alomenos 15 minutos a menos de 2 metros e sen máscara, circunstancias que non se produciron no centro educativo, polo que **non existen contactos estreitos dentro do instituto e non se trata dun contaxio producido no centro.**

-O centro está en estreito contacto coas autoridades sanitarias e educativas e permanece a espera das súas novidades, se se produciran.

-Recordámoslles de novo que, se algunha persoa do núcleo familiar é sospeitosa de padecer a COVID-19, o alumnado ou o persoal do centro que convivan con elas non poderán acudir ao centro ata que se coñeza o resultado da proba e sexa negativo. A persoa afectada ou a súa familia comunicarán o resultado ao coordinador Covid ou á Dirección do Centro. Desta maneira evítanse posibles contactos estreitos.

Agradecemos a colaboración e implicación de todas as familias.

Un afectuoso saúdo

A dirección